

**Artigo publicado no libro colectivo "Retratos/Eduardo Núñez. Dez anos de vida cultural en Ourense". Colección Auria nº 2, Concello de Ourense, 1999**

## **BANDA DESEÑADA E HUMOR GRÁFICO EN OURENSE** **Henrique Torreiro**

O simple feito de que para analizar a evolución do cultural en Ourense se pense en dedicar unhas páxinas á Banda Deseñada -ou cómic, tebeo, historieta, narrativa visual, arte secuencial,...: como se queira- fala por si propio: en 1989 ninguén tería formulado a cuestión, por unha parte porque o acontecido nos anteriores dez anos non daría para moito, e por outra, e sobre todo, porque a presenza social e nos medios de comunicación da chamada 'novena arte' na cidade das Burgas era absolutamente marxinal. Seguramente si houbera habido algún apartado para o humor gráfico, aínda que só fose polo gran fenómeno popular que supón «O Carrabouxo» na nosa cidade. Pero acontece que, malia a grande tradición que existe no referente ao humor gráfico en Galicia, o paso cara ao cómic non se dera ata décadas moi recentes. Se a isto engadimos a escasa importancia que a edición impresa ten conseguido en Ourense nos últimos anos, comprenderemos mellor o grande que é a evolución que se ten conseguido nestes dous terreos nunha década.

Foi en 1989 precisamente cando se produciron, en Ourense, dous dos feitos máis relevantes na BD ourensá, e, polas súas consecuencias, galega: saíu o número I da revista Frente Comixario e celebráronse as primeiras Xornadas de Banda Deseñada, acontecemento que non casualmente estaba ligado ao primeiro. Un ano antes aparecera o número 0 da revista ourensá, aproveitando a publicación dos premios do concurso de BD da Casa da Xuventude, pero non foi ata entón cando os membros da asociación -formada a partir da reunión da xente de distintos fanzines que existían previamente na cidade- conseguiron erguer un proxecto que, por primeirizo, custou moitísimo máis que os que viñeron despois.

Aquel número I foi unha verdadeira sorpresa para moitos; ía supor a aposta máis seria e ambiciosa que sobre o tema do cómic se fixera, xa non só en Ourense, senón en todo país galego, tanto por entidade como por volume de obras publicadas. De feito, non sendo o caso da revista Xofre (1979) -que só durou un número e que, malia os nomes que estaban detrás do título, como Prado, Jaraba ou López Domínguez, non logrou a presenza dun proxecto como o comixario-, os únicos esforzos realizados no cómic ata entón en Galicia estiveran ou ben situados nunha esfera achegada ao «mundo da arte» e ás vangardas artísticas (A Cova das Choias ou os traballos de Reimundo Patiño), ou ben dirixidos ao nítido propósito didáctico das publicacións infantís (caso do voluntarioso Vagalume) I; quere isto dicir que Frente Comixario foi a primeira iniciativa nacida en Galicia con intencións de publicar cómic galego, e escrito en

galego, que reunise as condicións de ser a un mesmo tempo popular e de creación 'autoral'.

Aquel número 1 reunía obra de Miguel A. Chaler, Tito (Gerardo Diéguez), Andrés Fortes, Pestiño (nome do colectivo formado por Miguel A. Carvalho, Xosé Manuel Moxón e Paco Paradelo), César Moreiras e Héitor Real, e supuña un (moi notable) balbucido no que destacaban xa á primeira vista as calidades gráficas dalgúns autores como Tito, Chaler e Héitor. A segunda entrega, producida ao ano seguinte, incluíu outros nomes como Alfredo González e Miguel Robledo, abríndose xa a autores de fóra do grupo como o vigués Tokio (Alfredo López), e nela aparecía xa o coñecido símbolo da cara de sarcástico sorriso que identificaría o grupo no resto da súa traxectoria. O produto en xeral ofrecía xa un mellor acabado: autores como Fortes ou Tito, por exemplo, amosaban boa parte do que son capaces de facer, e descubrimos un traballo que xa dicía moito do futuro estilo de Robledo.

O número 3, do 91, era un auténtico tomo de case cen páxinas -incluíndo vinteun autores e autoras- que fala do éxito acadado en toda Galicia polo proxecto da Frente; os seus responsables comezaban a se decatar da imposibilidade de dar cabida na revista a toda a BD que se realizaba en Galicia, e da certa presión que supuña estar no punto de mira de todo o país. Nomes de novos autores de fóra de Ourense, tales como Portela e Iglesias, Rulo Carpeta ou Bueno Capeáns, pasaran a ocupar un peso importante na revista. Empezaba a ser necesario dar un maior ritmo de publicación. Así, nese mesmo ano apareceu o número 4; o prematuro falecemento de César Moreiras motivou a capa máis naïf da revista, empregando unha ilustración do celanovés, fundador do grupo 2.

Os proxectos que se cociñaban no seo do grupo xa rebordaban, e a revista pasara a ser naquel momento para o núcleo ourensán algo moi, digamos, «oficial» -comezara a ser xa unha responsabilidade, vistas as expectativas que xerara-, así que a resposta é a creación dun proxecto paralelo de espírito máis fanzineiro, Léndia Prea, dedicado ao cómic gore con ramallazos porno, e admitido polos seus creadores como unha arroutada necesaria para recuperar os folgos orixinais, e de paso demostración factual para as novas fornadas de creadores de que para sacar un fanzine con presentación e entidade suficientes non se necesitaban grandes orzamentos, se se sabía abaratar custes e rebaixar fatuas pretensións. Só habería un número desta revista, pero serviría de prólogo para o seguinte proxecto paralelo de Frente Comixario: o Spesial.

Antes diso, no ano 1992, seguiu aparecendo a revista nai, co seu número 5, e capa creada por Xan López Domínguez, tendendo unha ponte entre a 'xeración Xofre' e a 'comixaria' e apadriñando dalgunha forma a revista de cara ao gran público. Estaba a fraguarse o único intento ata o de agora de facer unha editora -o que se chama usualmente 'independente'- de BD en Galicia: nese mesmo ano, saíu á rúa o primeiro número desa nova disgregación do proxecto, titulada Special Zombis, que segue o rastro deixado pola Léndia Prea, aínda que

dotándoa de maior prestancia na presentación; nel comezara a falarse dos novos proxectos da Frente: a reconversión da revista primixenia nunha sucesión de «especiais», e a edición dunha liña de álbums de BD galega.

O ano 93 sería así clave na historia de Frente Comixario, xa que viron a luz o número 6 da revista, «Especial Superheróis»; o Special Pelegrín, crítica nada compracente co espectáculo institucional do Xacobeo, que supuxo un grande éxito de vendas; e o primeiro número da serie de álbums «Cómic Galego» 3., que comezou co recompilatorio de historietas de Fernando García Varela Papagaio Spray, en preitesía con outro dos membros das xeracións anteriores (neste caso de Valiundiez e outras revistas da época da «movida»). Malia a inxente e prometedor produción daquel ano, na que xa comezaba a se albiscar unha madurez que ía afastando as producións comixarias dos tics máis «fanzineiros» -na acepción negativa do termo- para deixar paso á liberdade creativa propia da autoedición, mesturada cun saber facer dunha xente que aprendera técnica e adquirira experiencia ao longo dos anos 4., aquel ano foi o derradeiro no que Frente Comixario daría algo ao prelo.

Non é que o grupo rematase así os seus días, porque a 'morte' oficial non se declararía ata bastante despois, pero, a pesar mesmo dos non poucos intentos por facer polo menos un canto de cisne (o número 7, para o que Miguelanxo Prado cedera unha ilustración para a capa), a experiencia do grupo comiqueiro máis relevante de Galicia rematou, xusto no que parecía o seu mellor momento. As razóns terían que ser os seus compoñentes quen as declarasen; desde estas liñas só se pode apuntar que foi un cúmulo de circunstancias adversas as que acabaron co proxecto: por unha banda, a xa referida crecente responsabilidade que supuña ser o adai, a cabeza visible do cómic en Galicia -responsabilidade que se concretaba, por exemplo, en críticas externas (e realmente pouco fundadas) acerca dos criterios de selección de autores para a publicación na revista-, cando era imposible dar abasto a toda a demanda dos autores que estaban aparecendo; por outra, e se cabe de forma máis importante, o cansazo da 'dirección' do grupo, as disensións internas acumuladas durante anos e ese estado de cousas no que se atopan moitos proxectos alternativos cando chega o momento crucial no que se toca teito: ou se dá ese salto fundamental que permite seguir adiante e de forma ascendente ou todo ten que rematar. No caso dos comiqueiros ourensáns, o 'salto' tiña que ser á profesionalización -entendámonos, poder gañar algo de diñeiro co cómic, unha arte moi difícil, pouco comprendida e moito menos agradecida- e iso estaba realmente complicado, especialmente pola complicación da distribución en Galicia 5.

Desaparecida a Frente, comezaba na banda deseñada en Galicia un foxo que aínda non se deu superado por completo. Unha das herdanzas de Frente Comixario, evoluída despois polos camiños que foron xurdindo, foi a semente das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, creadas conxuntamente coa Casa da Xuventude de Ourense -un dos principais sustentos para o cómic desde moitos anos antes, a través do apoio á edición de fanzines (entre eles o

propio Frente Comixario) e a promoción de concursos para a mocidade; de feito, foi a Casa a que recuperou e popularizou o termo «banda deseñada», hoxe xa admitido por todas as instancias como denominación galega da novena arte- para, principalmente, dar promoción aos autores locais e ao nacente proxecto ourensán.

Despois das primeiras edicións, e unha vez dictaminada a morte do proxecto da Frente, a corresponsabilidade das Xornadas pasou ao Colectivo Phanzynex, que levaba colaborando nelas desde a segunda edición. Ao longo desta década, as Xornadas teñen sido bo reflexo da crecente calidade da BD galega en todos os sentidos (técnica, narrativa,...), e teñen traído á cidade a gran parte dos mellores autores do Estado e de Portugal, tanto en persoa como en exposición de obra orixinal -nos últimos anos estendido este aspecto a autores doutras procedencias e sona internacional como Beto Hernández ou François Boucq-; once edicións teñen feito das Xornadas referencia indiscutible do cómic en Galicia, e seguramente teñen contribuído de forma interesante a unha real difusión e coñecemento da BD entre un maior sector do público.

Dentro do panorama dos salóns da Península e en concreto de Galicia -onde existe o importante referente do Festival «Viñetas desde o Atlántico» na Coruña desde 1998-, as Xornadas ourensás caracterízanse polo seu apoio ao mundo do fanzine e dos creadores fronte á actitude máis xeneralizada de buscar case unicamente os lectores (nomeadamente o público masivo e os fans, a través de sesións de sinaturas e similares). Non é casual, xa que o que se pretende non só é promover a lectura de cómics, senón tamén a súa creación, en vistas a encher ese baleiro cultural que aínda ten Galicia con respecto a unha das manifestacións por excelencia deste século XX.

Foi en 1994 cando saíu o primeiro número de O Fanzine das Xornadas, unha revista que procuraba xa desde un principio servir de nexo entre as Xornadas e diversos tipos de público, ofrecendo información rigorosa, que resultase útil para os afeccionados pero non críptica para os 'non iniciados', e asemade BDs a cargo de xoves autores e autoras galegos -incluíndo a novidade de dedicar algunhas páxinas a publicar, vertidas ao galego, BDs de autores e autoras inéditos no Estado procedentes de países de todo o mundo e ligados ao panorama dos fanzines-. Sendo un proxecto modesto, dunha trintena de páxinas, a súa difusión sobordou os límites galegos, chegando a vinteoito países diferentes a través do circuíto creado coa Expofanzines das Xornadas e o seu catálogo. Polo momento, a súa edición chegou ao número seis, sempre coincidindo coa celebración das Xornadas.

Dentro de O Fanzine das Xornadas e a través dos catálogos dos dous Concursos paralelos que teñen desenvolvido as súas convocatorias nestes anos pode verse claramente que a morte de Frente Comixario non significou nin moito menos a morte artística dos seus autores. Tito, Alfredo, Robledo, Chaler, Moxóm, Carvalho,... seguiron (e seguen) facendo cousas, aínda que desde logo o

ritmo de publicación foi ralentizado. Moitos deles tiveron que dedicarse a unha faceta artística máis comercial, a do deseño e ilustración publicitaria, polo que non é raro ver debuxos deles en anuncios e folletos, e, o máis importante, iso serviu para que moitos probasen sorte tamén no mundo do humor gráfico en prensa: desde o persoalísimo e especialmente salientable estilo de Miguel Robledo <sup>6</sup>, que realizou chistes gráficos para un concesionario de automóbiles sacando punta a un tema tan árido coma ese, ou que deu a imaxe definitiva ás peripecias da «Familia Perpetua» nunha páxina semanal do suplemento Vida de La Región -da que o éxito non serviu de eximente á hora de cancelala despois de máis dun ano de publicación-, ata a recente colaboración de Héitor, Carvalho e Paradelo (xunto coa inestimable presenza de Suso Sanmartín) no suplemento Arre!, a parte máis gráfica da revista Xo!, conseguindo memorables cotas de acidez e creatividade, moitos teñen sido as contribucións, quizais menos á vista do público pero non por iso menos interesantes, dos autores destas actividades irmás que son a historieta e o humor gráfico: por exemplo, o esmendrellante humorismo de Moxóm a través de publicacións como Gralha.

A celebración das Bienais da Caricatura de Ourense desde 1993, cada vez máis abertas na súa definición ao humor gráfico, traballan tamén a prol da dignificación destas artes usualmente consideradas 'menores' -mediante a ollada ao panorama xeral galego e internacional, e con vistas atrás aos clásicos galegos-, aínda que na realidade os autores chocan cunha actitude pouco propicia por parte da prensa local, que malia acoller humoristas gráficos (caso de Abad en La Región hai unhas temporadas ou Carrera actualmente en La Voz de Galicia), non apoia suficientemente -unha cuestión que inclúe aspectos tan pouco mensurables como as actitudes e outros tan mundanos como o diñeiro- este tipo de xornalismo, visual e crítico, e que curiosamente saben que goza de grande aceptación entre o público. Unicamente o caso de Xosé Lois, que continúa a indispensable creación do seu «Carrabouxo» <sup>7</sup> xunto con colaboracións noutros medios, parece recibir un trato parangonable coa súa importancia. De calquera forma non é de estrañar que estas cousas sigan a suceder cando os traballadores do gráfico -a non ser que acaden o chanzo de 'artistas consagrados', cousa que é difícil nas ditas artes 'menores'- son considerados desde o mundo cultural galego como algo semellante a un 'mal necesario', ou directamente como unha curiosidade sen transcendencia.

Difícil, en xeral, resulta a vida dos creadores e creadoras de banda deseñada e de humor gráfico, pero aí están, coas súas 'teimas', seguindo adiante en moitos casos coa fe en si mesmos como único sustento de actividade. Novos autores (David Rubín, Emilio Fonseca) aboian no panorama; moitos proxectos están a fraguarse nestes momentos na nosa cidade a respecto da BD -moitos son os que quen isto asina coñece, e varios máis haberá que ignora-; por desgracia, non só está nas mans dos seus autores que cheguen a saír á luz. Confiemos en que quen faga un artigo coma este a finais da próxima década poida dar conta da maior parte deles feitos realidade. Como en tantos outros, Ourense ten moito que dicir neste campo; a clave está en que os habitantes desta cidade, dunha vez

por todas, nos convezamos de que a mediocridade é máis un problema de actitudes que de aptitudes.

1: Sobre a historia da BD en Galicia pode dar unha idea xeral o artigo de Marcos VALCÁRCEL «Os pioneiros galegos da B.D.» (en O Fanzine das Xornadas nº 2, Ourense, Colectivo Phanzynex, 1995), realizado para ilustrar a exposición que sobre o tema «O Cómic Galego nos anos 70» organizara o Clube Alexandre Bóveda nas VII Xornadas de Banda Deseñada. Outro texto interesante é o escrito por Xosé Luís AXEITOS e Xavier SEOANE como introducción ao libro coordinado por eles O Cómic en Galicia (A Coruña, Deputación Provincial, 1993). Porén, o libro en si carece da rigorosidade suficiente para dar unha visión real do cómic en Galicia ao limitarse a recoller currículos enviados polos autores seleccionados, sen ningún tipo de acomodación dos mesmos á estrutura xeral da obra; vén isto a conto de que o apartado dedicado ao labor de Frente Comixario é inxustamente cativo en relación ao espazo que se dedica aos outros autores.

2: Dita capa tivo pouco éxito entre o público, e iso notouse nas vendas. Un tempo despois, imprimiuse unha nova portada, desta vez a cargo de Fernando Iglesias, que conseguiría vender moitos daqueles exemplares no Saló de Barcelona, disfrazados de «segunda edición».

3: Estaba anunciada tamén a publicación dunha historia longa a cargo de Portela e Iglesias, Amor de Alma Dans.

4: Boa mostra foron os experimentos de traballo en equipo en dúas series que se incluíron nese sexto número («Capitám Palheiro» e «Garriga», especialmente esta última, para a que había un avanzado proxecto de publicación como serie independente da revista).

5: Frente Comixario fixo moitos esforzos por acadar distribucións dignas, a través de varias empresas do sector, pero atopou un panorama desolador, no que había pouca eficiencia para pór en circulación un produto das características do seu, cando non un claro desinterese.

6: Cuxa obra é vítima da lastimosa realidade cultural do noso país, xa que o seu proxecto máis ambicioso e maduro, unha serie -Os Cabezáns: pode verse un adianto no Fanzine das Xornadas nº 1- da que ten realizado un capítulo de máis de trinta pranchas, continúa inédita sen que ningún editor faga nada por evitalo.

7: E da que, aproveitemos a ocasión, debería reclamarse unha edición máis coidada en forma de libro, xa que as existentes ata o de agora esquecen unha parte importante: o acompañamento ás viñetas dun titular ou noticia que dea o seu pleno sentido ao chiste pasado o tempo. Lonxe de evidenciar a suposta pouca perdurabilidade deste tipo de humor pola súa dependencia da actualidade, ese tipo de edición subliñaría para a posteridade o labor de observador crítico

da realidade que ten o humorista gráfico, que por definición ten que estar máis comprometido co seu tempo que coa visión que poida ter do seu labor a pseudocrítica artística.